



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Móbil: 696 45 45 34

Fax: 981 64 06 67

Email: intervencion@arteixo.dicoruna.es

ORDENANZA FISCAL Nº 24

TAXA POLA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POR INSTALACIÓN DE QUIOSCOS OU CHIRINGUITOS NA VÍA PÚBLICA.

ARTIGO 1. *Fundamento e natureza.*

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 141 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do R.D.Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a TAXA POLA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POR INSTALACIÓN DE QUIOSCOS NA VÍA PÚBLICA, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ó disposto no artigo 57 do devandito R.D.legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

ARTIGO 2. *Dominio Público Local.*

Entenderase por dominio público local do Concello de Arteixo todos aqueles bens que aparezan recollidos, como tales, no Inventario Municipal, e no seu defecto ós bens destinados ó uso público local definidos na Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Corporacións Locais.

ARTIGO 3. *Feito imponible.*

Constitúe o feito imponible da presente taxa a prestación patrimonial pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local por instalación de quioscos ou calquera clase de chiringuito na vía pública.

ARTIGO 4. *Suxeitos pasivos.*

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas, xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 36 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria e artigo 23 do R.D.legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a favor de quen se outorguen as autorizacións para realizar a utilización privativa ou aproveitamento especial ou quen se beneficie ou realice os aproveitamentos, se se procedeu sen a oportuna autorización.

ARTIGO 5. *Responsabeis.*

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo tódalas persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria, así como os coparticipes ou cotitulares das Entidades recollidas no artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios da débeda tributaria as persoas e entidades a que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

ARTIGO 6. *Base Imponible.*



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Móbil: 696 45 45 34

Fax: 981 64 06 67

Email: intervencion@arteixo.dicoruna.es

Tomarase como base para determinar a cota tributaria da presente taxa, a superficie de ocupación expresada en metros cadrados.

ARTIGO 7. Cota Tributaria.

1.- INSTALACIÓNS FIXAS.	
1.1. Quioscos ou chiringuitos, por m ² ou fracción de superficie, ó ano...	88,26 €
1.2. Quioscos ou chiringuitos cuxos titulares acrediten unha minusvalía do 33% ou sexan da O.N.C.E., por m ² ou fracción de superficie ocupada, ó no.....	50,92 €
2.- INSTALACIÓNS TEMPORAIS.	
2.1. Quioscos ou chiringuitos, por m ² ou fracción, ó día.....	1,60 €
3.- Os aproveitamentos descritos terán unha aplicación dun coeficiente, de acordo coa categoría fiscal da rúa, de acordo co seguinte detalle:	
<u>Categoría da rúa:</u>	
Parques e xardíns.....	1,2
Primeira.....	1,1
Segunda.....	1,0
Terceira.....	0,9
Cuarta.....	0,8
4.-Tarifa mínima: Para os supostos no punto 2.1, a tarifa mínima a esixir serán	24,51 €

ARTIGO 8. Período impositivo e devengo

1.O período impositivo, nas instalacións fixas, coincidirá co ano natural. Cando se trate de novas autorizacións para a realización dos aproveitamentos descritos nos artigos anteriores, o período impositivo coincidirá co primeiro día do trimestre natural no que se conceda a autorización ou sexa iniciado o aproveitamento sen obter a mesma.

2. O período impositivo, nas instalacións temporais, coincidirá co período de utilización privativa ou aproveitamento especial, expresado en días, abarcando desde o primeiro día da correspondente autorización ou da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local se se produxo sen a autorización pertinente ata o derradeiro día que remate a autorización concedida ou a utilización ou aproveitamento, se se produxo sen a oportuna licenza.

3. A taxa devengarase, nos casos de instalacións fixas, o primeiro día do período impositivo e as cotas serán irreducibles, agás nos casos de autorizacións solicitadas para novas instalacións de quioscos ou chiringuitos na vía pública, en que a taxa devengarase o primeiro día do trimestre natural correspondente en que dea comenzo a utilización privativa ou aproveitamento especial autorizado. No caso de cese da utilización privativa ou aproveitamento especial por instalación deste tipo de ocupacións, as cotas serán rateadas por trimestres naturais.

4. Nos casos de instalacións temporais, a taxa devengarase o primeiro día do período impositivo e as cotas serán irreducibles.



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Móbil: 696 45 45 34

Fax: 981 64 06 67

Email: intervencion@arteixo.dicoruna.es

ARTIGO 9. Normas de xestión

1. A taxa establecida na presente Ordenanza Fiscal é independente e compatible coa taxa por ocupación da vía pública con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa.

2. As persoas ou entidades interesadas na concesión dos aproveitamentos regulados nesta Ordenanza, deberán solicitar previamente a correspondente autorización, autoliquidar o importe da taxa. Non se tramitará o expediente se previamente non se fixera efectivo o depósito previo a que se refire ó artigo seguinte.

3. Os Servicios Técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non atopar diferencias coas peticións de licencia; se se deran diferencias, notificaranse as mesmas ós interesados e enviaranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez corrixiadas as diferencias polos interesados e, no seu caso, realizados os ingresos complementarios que procedan.

4. No caso de denegarse as autorizacións, a Administración municipal procederá, de oficio, á devolución do importe autoliquidado.

5. Non se consentirá a ocupación da vía pública ata que fora autoliquidada a presente taxa a que se refire o artigo seguinte e fora obtida a correspondente licencia polos interesados. O incumprimento deste precepto poderá dar lugar á non concesión da autorización, sen prexuízo do pagamento da taxa e das sancións e recargos que procedan.

ARTIGO 10 . Liquidación e ingreso

O pagamento da presente taxa farase:

- a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos, segundo autoliquidación, que será ingresado directamente na Tesourería Municipal ou no lugar que se establecera ó efecto polo Concello.
- b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídos nos padróns ou matrículas desta taxa, no período que se estableza polo Concello.
- c) Nos aproveitamentos temporais, segundo autoliquidación que será ingresado directamente na Tesourería Municipal ou no lugar que se establecera ó efecto polo Concello.

ARTIGO 11. Infraccións e sancións.

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 183 e seguintes da Lei xeral tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

As anteriores tarifas serán incrementadas anualmente no IPC

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente modificación foi aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o día seis de novembro de setembro de 2001.



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Móbil: 696 45 45 34

Fax: 981 64 06 67

Email: intervencion@arteixo.dicoruna.es

Foi modificada segundo acordos plenarios de data seis de setembro de 2001, 18 de xullo de 2002, 4 de setembro de 2003, 28 de outubro de 2004, 28 de xullo de 2005, 28 de setembro de 2006 e 25 de outubro de 2007.

A presente modificación foi aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 4 de setembro de 2008, entrando en vigor, logo da súa publicación no BOP, o día 1 de xaneiro de 2009, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.